



ACTA DO FALLO DA “XXX EDICIÓN CERTAME LITERARIO MANUEL - ORESTES RODRÍGUEZ LÓPEZ”.

Reunidos no Salón de Sesiós do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce e media horas do día vinteito de maio de dous mil vintecinco, o xurado formado por D^a M^a Montserrat Mulet Sar, Alcaldesa do Concello de Paradela como Presidenta; D. José Manuel Mato Díaz, Tenente Alcalde; D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); D. José Antonio Giz Paz (director de Galicia Digital) e D. Jaime Félix López Arias (profesor e escritor) como vogais; e D^a Ruth López-Mosquera García, Secretaria do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituíuse o xurado en forma e coa ausencia de D. Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, D. Xavier Rodríguez Barrio, D^a Irene López Gómez e D. Carlos Rodríguez Otero, que delegaron e remitiron as súas valoracións nos membros do xurado que asisten ao acto.

Nesta edición presentáronse duascenas dez (210) obras, das cales setenta e catro (74) obras corresponden á categoría de poesía, e cento vinte e tres (123) obras á de narrativa, e trece (13) obras, na modalidade especial do Camiño de Santiago.

A continuación o xurado procedeu a cualificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas, sinalando o nivel alto dos participantes.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Outorgar o primeiro premio de **POESÍA**, á obra presentada baixo o título “Outono na flor dos dedos”. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D. Martiño Maseda Lozano.

- Outorgar o segundo premio de **POESÍA**, á obra presentada co título “Últimas Palabras de Josefina Manresa”. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D. Esteban Torres Sagra.

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits** no apartado de **POESÍA**:

- **Primeiro Accésit**, a obra *presentada baixo* o título “Florear”. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D^a Elena Pérez López.
- **Segundo Accésit**, á obra presentada co título “Lágrima desnuda”, cuxo autor é D. Luis Alfredo Aguilar Contreras.



Concello de Paradela

As dúas mencións de honra recaeron, na obra baixo o título “Sobre a redención da tenrura”. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D. Pedro Rielo Lamela e a obra baixo o título “Cutis mea denigra est super me et ossa mea aruerunt prae caumat”, pertencendo a D^a M^a Soledad García Riveiro.

SEGUNDO.- Outorgar o primeiro premio de **NARRATIVA**, á obra presentada co título “Unha aldea en Marte”. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D. Pedro Rielo Lamela.

- Outorgar o segundo premio de **NARRATIVA**, á obra baixo o título “El laberinto de cristal”. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D. Ricardo Cano García.

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits no apartado de NARRATIVA:**

- **Primeiro Accésit**, á obra presentada baixo o título “Retrato da familia na véspera dun suicidio”, compróbase que a súa autora é D^a. Melinda Dacosta.
- **Segundo Accésit**, á obra presentada baixo o título “El tiempo retroactivo”, sendo o seu autor D. Joaquín Correa Barco.

As dúas mencións de honra recaeron na obra baixo o título “Pares o impares”, cuxo autor é D. José Ignacio Tamayo Pérez e a obra baixo o título “Urgentísimos de salto y primacía”, pertencendo a D. Juan Carlos Fernández León.

TERCEIRO.- Outorgar o primeiro premio de **MENCIÓN ESPECIAL CAMIÑO DE SANTIAGO**, á obra presentada baixo o título “Romances del Camino de Santiago”. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D. Jose Manuel Brea Feijoo.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta, que é asinada por todos os membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas trinta minutos, do que eu, como Secretaria dou fe.



Concello de Paradela

Asdo: D^a M^a Montserrat Mulet Sar

Asdo: D. José M. Mato Diaz

Asdo: D. Xulio Xiz Ramil

Asdo: José Antonio Giz Paz

Asdo: D. Jaime Félix López Arlindo

Asdo: Ruth López-Mosquera García